

Sete séculos de Boccaccio

Alboradas da narrativa europea

JOAQUIM VENTURA

No tránsito da pasada primavera ao verán cumpríronse setecentos anos do nacemento de Giovanni Boccaccio, o primeiro narrador europeo. A lenda sostén que naceu en París onde seu pai representaba os intereses dunha importante compañía florentina, a dos Bardi. Recentemente a crítica decatouse que, por diversas marcas de carácter autobiográfico, o seu pai sería, efectivamente, Boccaccio di Chellino, un home influente, pero que a súa nai sería unha muller de condición humilde e que nacería en Florencia.

Despois de estudar escolástica, cando tiña quince anos foi enviado a Nápoles a estudar os procedementos bancarios e mercantís. Por vontade paterna estudou tamén dereito canónico. Alí estivo ata 1340 cando viaxou por diversas cidades italianas ata que regresou a Florencia en 1348 onde foi testemuña do andacio de peste. Despois da morte do seu pai ao ano seguinte, Na década seguinte fixo diversas xestións diplomáticas relacionadas co papado e dedicouse a administrar as propiedades da familia. Coñeceu a Francesco Petrarca, con quen tivo unha fonda amizade.

Boccaccio foi, poderíamos dicir, o primeiro herdeiro e analista do dolce stil nuovo, xa que logo de Dante Alighieri. Teimou coma ninguén por darlle valor á *Commedia*, obra á que alcumou de “divina”, epíteto que sobreviviu ata nós. Profundo coñecedor das linguas latina e grega, amais da toscana de berce, foi tamén un dos fundadores do que hoxe chamamos crítica literaria. Rescatou para a cultura europea a lectura da *Ilíada* e da *Odisa* de Homero –fixoas traducir ao italiano por un monxe grego de Bizancio– e descubriu na abadía de Montecassino manuscritos inéditos de Apuleio e de Tácito, entre outros. Pero Dante, de quen escribiu a primeira biografía, foi a súa paixón, ata pun-



Giovanni Boccaccio (1313-1375).



Monumento a Boccaccio en Florencia.



Fotograma de “Il Decameron” (1971).

to que, con profundidade crítica, estableceu o xeito de ler a *Commedia*, malia que só acadou a comentar os primeiros dezasete cantos do Inferno.

Boccaccio non só aportou á literatura europea o modelo de novela –é dicir, a narración dunha historia en prosa– senón que tamén escribiu entre 1343 e 1344 a primeira novela psicolóxica, a *Eleixia de Madonna Fiammetta*, estruturada en formato epistolar, escrita pola influencia dunha dama napolitana a quen alcumou Fiammetta.

Con todo, a súa obra máis coñecida é o conxunto de contos que conforman o *Decamerón*, rematado en 1353. Un grupo formado por tres mozos e sete mozas da burguesía de Florencia escapan da cidade cando apareceu a peste. Os temas e a maneira de contar son os propios da rica burguesía emerxente das cidades da metade norte de Italia: intelixencia, fortuna e amor (nada de relixión ou de fantasía) e tratamento humanista e non relixioso. A esta obra seguiu o *Corbaccio*, escrito entre 1354 e 1355, sátira moral e satírica con toques misóxicos, que tivo moita influencia na narrativa medieval castelá (ata o punto que Alfonso Martínez de Talavera, Arcipreste de Talavera, fixo unha obra homónima).

*Aportou á
literatura
occidental o
modelo de novela*

Non por iso Boccaccio esqueceu o mundo clásico, a súa grande paixón e peripiaño da súa literatura. Da literatura latina tomou o modelo dos seus *Poemas pastorais*, que tanta fortuna tiveron despois no Renacemento e no Barroco españois. Por encargo do rei franco de Chipre Hugo IV escribiu a monumental *Genealogia deorum gentilium* (“Xenealoxía dos deuses dos xentís”), auténtica enciclopedia das divindades pagás do pasado. Adiantado, como en outras cousas, á súa época tratou en clave prefeminista o mundo das mulleres en *De claris mulieribus* (“Verbo das mulleres”). Boccaccio foi, pola recuperación que fixo dos clásicos greco-latinos e polo humanismo que aplicou ás súas obras, o verdadeiro precursor do Renacemento.

Para aqueles que vivimos os anos setenta, a versión cinematográfica dos contos do *Decamerón* que fixo Pier Paolo Pasolini foi película de culto dun xeito triplo: pola mestría do director furlán, porque era de visión obrigada en versión orixinal subtitulada e porque, aínda para o tardofranquismo, foi obxecto do severo criterio dos censores. Como o foi noutros países de tradición católica e como o foi a novela desde a súa aparición.

A subversión da formalidade puritana, grazas ao humor, foi a mellor aporte de

Boccaccio ás letras. A súa capacidade de non agochar a sensualidade, a diversión ou a burla foron seguidos xa ben axiña por

A herdanza do Decamerón

Chaucer, o Arcipreste de Talavera e Rabelais, como séculos despois fixeron Twain, Brecht, Gómez de la Serna e tantos outros.

A lectura do *Decamerón*, durante os case sete séculos de vida que ten, foi a mellor vacina contra aqueles inimigos da felicidade allea. Grazas a eles este conxunto de contos chegou como clásico e inmortal ata nós e non como reliquia da literatura medieval (como ficou convertido o *Libro de Buen Amor*, poñamos por caso). Todo é cuestión de vontade, como levar as aventuras de Perceval ou Lancelot á praia ou encetar a lectura do *Decamerón* na súa lingua orixinal, na edición de Vittore Branca que publicou Einaudi, por exemplo.